




RECOMENDACIONES DE NADAL 2022

**ELIXE O TEU LIBRO.
ESTÁ A ESPERAR POR TI.**

¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas?

- Novela de Philip K. Dick. Un clásico do subxénero ciberpunk.
- O protagonista é un cazador de androides despois dunha guerra nuclear.
- Atrévete con esta distopía?



Mujeres que ya no sufren por amor.

- Coral Herrera rompe co mito romántico que encadea as mulleres e invítanos a fuxir dos roles de sexo impostos pola sociedade.



Rewind

- Juan Tallón contrúe unha historia contada por cinco narradores, vítimas e testigos dunha explosión.
- Unha reflexión sobre a necesidade de recuperar e valorar a rutina.



Azucres

- A triste historia de galegos que emigraron a Cuba no século XIX, buscando unha vida mellor e pasaron a ser escravos en mans dun galego sen escrúpulos.
- Unha historia verdadeira, novelada por Bibiana Candia.



Yo sé por qué canta el pájaro enjaulado

- A primeira novela autobiográfica de Maya Angelou.
- Narra a súa dura infancia e retrata a vida da poboación negra do sur de EEUU na primeira metade do século XX.



Eu son, A

- Un libro que fala da necesidade de pertencer a un fogar.
- O diario dun neno de dez anos sen documentos nin familia.
- Escrita por Steve Tasane.



Alcatraz contra bibliotecarios malvados

- Unha novela de aventuras protagonizada por un grupo de rapaces que loitarán contra uns bibliotecarios ávidos de controlar os Reinos Libres.
- De Brandon Sanderson.




Nena e o mar

- A historia dunha nena, filla dun mariñeiro, nun pobo onde os habitantes xa non teñen esperanza.
- A desaparición do seu pai motiva que Nena emprenda a súa búsqueda.
- Un relato de Erica Esmorís.



Coraje

- Unha novela gráfica de Raina Telgemeier sobre a necesidade de afrontar con valor os medos da adolescencia. Todo se pode vencer con coraxe.



Roxín Roxal. A daga do conde.

- Manel Cráneo lévanos da man ao nacemento dun heroe que se convertirá en lenda.
- Unha novela gráfica para ler en calqueira idade.



Trilogía. Fuego 1

- Os lectores máis novos poderán entrar nun mundo onde a liberdade está controlada e é necesario recuperala.
- Unha saga de Joana Marcús.



Perdón a la lluvia

- Colección de reflexi3ns e poemas de Sara Búho, cheos de sensibilidade, que veñen acompañados de frases manuscritas e debuxos da autora.



Si/If

- Rudyard Kipling escreveu este poema para o seu filho.
- Fala do valor, da paciência e da perseverança.



4 xinetes

- Imaxina que es un Xinete da Apocalipse.
- Anxo Fariña invítanos a pensar que ocorrería se soubésemos que imos causar a morte de sete mil millóns de persoas.



Cicuta para dous

- Esta obra gañou o XIX Premio Jules Verne de Literatura xuvenil.
- Unha investigación chea de humor e intriga que che decubrirá a cara máis sorprendente da Filosofía.



A ladroa da biblioteca de Meirás

- Eva Mejuto lévanos a descubrir a unha nena que entra nun espazo prohibido, o único paraíso posible: os andeis da biblioteca do Pazo de Meirás.

